

**ÍNDICE DE  
COLABORADORES E  
COLABORADORAS**

---



### CLUBE ESPELEOLÓXICO MAÚXO (CEM)

Dende a súa fundación (1992) forma parte da Federación Galega de Espeleoloxía (FGE) e das federacións española (FEE) e internacional (UIS). O seu obxectivo prioritario é a elaboración de estudos sobre a espeleoloxía e máis o medio no que se desenvolven as cavidades (naturais e artificiais) emprazadas ou non en rochas non solubles (granitos, cuarzo, cuarcitas...) comprendendo os estudos xeográficos, xeolóxicos, hidrolóxicos, biolóxicos, históricos, antropolóxicos,... posibles.

Entre 1992 e 2002, as súas investigacións centráronse no “Proxecto Maúxo” para o estudo, protección e posta en valor da zona comprendida entre o norte de Nigrán e o sur de Vigo. Zona de grande interese natural e cultural na que se atopa O Folón (Coruxo) que, con 905 m. de topografía é unha das 10 covas graníticas máis grandes no mundo.

Dende 1999 colabora coa *Comisión for Pseudokarst* da UIS; dende 2002 co Instituto de Estudos Miñoranos, IEM, e dende 2003 co Instituto de Xeoloxía “Isidro Parga Pondal” da U. da Coruña. En setembro de 2007 celebrouse, na cidade da Coruña, a *International Conference On Granite Caves*, coorganizada polos mencionado instituto de xeoloxía, a comisión do pseudocarst da UIS e máis o CEM. O CEM colabora tamén coa Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e cos museos Museo de Pontevedra (1994-2007), “Quiñones de León” de Vigo (1995-2005) e do Castro de Viladonga (2005).

Os resultados das investigacións do CEM publicanse en revistas especializadas como *Furada*, *El Museo de Pontevedra*, *Castrelos*, *Mitteilungsheft*, *Nachrichtenbrief*, *Revista de Estudos Miñoranos*, ou *Cadernos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe*. Tamén promoveu a edición de *Historia de Chandebrito*, *A Cova do Pico*, *En el Interior de la Compostelana Montaña de Cuarzo (Pico Sacro, Boqueixón)*, *O Folón (Coruxo) e as outras covas do sur de Vigo* ou *As Covas de Vincios*. Entre as publicacións derivadas da participación en congresos e foros similares mencionar as apar-

tacións no “Congreso Nacional de Arqueología” (1995), do “Iº Encuentro Nacional de Estudio de Cavidades Artificiales” (1996), do “Congreso Internacional de Arte Rupestre” (1999), do “7th International Symposium on Pseudokarst” da IUS (1999), do “VIIº Congreso Nacional de Espeleología” (2001), do “9th International Symposium on Pseudokarst” (2006), do “Iº Congreso galego de Espeleoloxía” (2006) e do “12th International Bear Caves” (2006).

### FINO LORENZO

(Sabaris, Baiona, 1962)

“De neno debuxaba indios e pistoleiros. Agora xa non pois indios case non quedan e pistoleiros hai demasiados. Durante anos rotulei iates e barcos, pinteí acuarelas e asomouse a ese pozo sen fondo que é o colage. A insistencia de amigos con boas intencións convenueume para meterme polas reviravoltas da ilustración de libros. Na actualidade, construí libros obxecto mentres escoito a Theloni-  
us Monk a 33 RPM e, unha vez á semana, paseo a miña barriga polo campo de fútbol”  
Exposicións individuais (selección): Real Club Náutico de Vigo (1987), Galería Androx, Vigo (1989), Caja de Ahorros de Pontevedra, Pontevedra (1990), Sala Hércules Coruñés, A Coruña (1990), Caixavigo, Vigo (1991), Galería Dua 2, Vigo (2003)

Exposicións colectivas (selección): Castillo de Peñafiel, Valladolid (1988), Caja de Ahorros Municipal de Burgos, Aranda de Duero (1988), Galería Millares, Madrid (1989), Interbienais, Vilanova da Cerveira (1989), Caixa Ourense, Ourense (1989), Centro Cultural D.R. Madrazo, Santander (1990), Centro Cultural Galileo, Madrid (1990).

Como ilustrador: *Ondas de verde e azul*, Vigo, Xerais, 1994; *Iria e a lía*, Vigo, Xerais, 1997; *Os nosos versos*, Madrid, Anaya, 1997; *A longa viaxe de Carambeliña Polar*, Vigo, Alfaguara-Obradoiro, 1998; *Contos maravillosos III*, Vigo, Xerais, 1999; *Cuatro cartas*, Madrid, Anaya, 2000; *O que ven os ollos dos nenos*, Vigo, Xerais, 2000; *Mermelada de fresa*, Madrid, Anaya, 2001 (existe versión en galego:

*Marmelada de amorodo*, Xerais); *Ten, ten, a miña casa ten...*, Vigo, Galaxia, 2001; *Pequena mitoloxía de Galicia*, Vigo, Xerais, 2001; *El ciempies*, Madrid, Anaya, 2005; *A teima de Xan*, Vigo, Galaxia, 2005; *Lorenzo Varela. Biografía e antoloxía*, Vigo, Xerais, 2005; *Lugris Freire. Biografía e antoloxía*, Vigo, Xerais, 2006.

Acaba de ilustrar, recen publicados (2009), *O escaravello de ouro e Os crimes da rúa Morgue* de E. Allan Poe.

Ven de realizar dúas exposicións individuais, verán de 2008, na cidade de Vigo, unha na galería Andrés Amor na que colgou unha mostra do seu traballo con acuarela e outra na que explora novas formas e materiais na Casa das Artes da cidade da oliveira que denominou *Digestións 2004-08*.

En 2009 a Aula de Cultura "Ponte de Rosas" inaugurou a súa sala de exposicións coa súa mostra *Digestións*.

É autor da peza escultórica do premio de poesía Victoriano Taibo - Entidade Local de Morgadán.

#### **IGLESIAS VIQUEIRA, VÍCTOR MANUEL**

(Vigo, 1947)

Periodista e escritor. Redactor, dende 1966 ata a súa xubilación, de *Faro de Vigo*. Foi correspondente de varias axencias de noticias, así como colaborador en distintas emisoras de radio e revistas de humor. Autor de numerosos libros de humor, máximas e novela curta, é coñecido sobre todo polos seus *Pensamentos en miau* e polos contos para nenos, publicados ambos en *Faro de Vigo*. Inaugurou a colección **Letras da Groba** co seu *Xabarín*, *xabarín*, temática coa que regresa asiduamente ás páxinas desta revista.

#### **GÓMEZ COSTAS, CARLOS**

(Chandebrito, Nigrán, 1979)

Técnico Superior en Administración. Oficial administrativo da Administración Pública Local. Foi secretario da A.VV. O Castro de Chandebrito así como de diversas entidades da súa parroquia nos últimos anos. Vocal de Medioambiente na A.VV. e vocal do Foro de

medio ambiente do concello de Nigrán. Aesor da Comunidade de Montes de Chandebrito.

Realizou diversos traballos relacionados coa cultura, etnografía e o medio ambiente no concello de Nigrán.

#### **MANSO DE LA TORRE, XILBERTE**

(Ourense, 1958)

Realizou os primeiros estudos e o bacharelato no Colexio Cardeal Cisneros de Ourense, onde era director Xaquín Lorenzo Fernández "Xocas", que deixou nel unha fonda influencia. Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación, especialidade de Psicoloxía, pola Universidade de Santiago de Compostela. Profesor no ensino secundario no IES Escolas Proval de Nigrán noutra das especialidades as que lle dedicou unha parte importante da súa vida, a Educación Física e o deporte. Adestrador de varias modalidades deportivas, dirixiu Escolas deportivas e Clubs de Ourense e Vigo no deporte do Hocquei Herba, nos que ligou, hai xa vinte e cinco anos, a Psicoloxía ao deporte, por aqueles tempos algo novo no noso país.

Ten participado no asociacionismo veciñal ourensán. Retirado do deporte competitivo, participa no asociacionismo cultural dende a xunta do goberno do IEM e das seccións de Arqueoloxía, Etnografía e Ciencias Naturais. Reside en Panxón, Nigrán

#### **MÁRQUEZ PÉREZ, SANTIAGO**

(Morgadán, Gondomar, 1948)

Emigrou a Uruguay e aproveitando as posibilidades que lle brindou a educación libre, gratuita e de calidade neste país permitiulle facer da formación humana o seu roteiro.

Ten unha longa experiencia no Servizo Voluntario, (incluídos, dous anos en Chile).

Dende 1984 reside en Trelew, na Patagonia e actualmente traballa na "Dirección General de Planeamiento Social y Programas del Ministerio de la Familia y Promoción Social da Provincia del Chubut, Patagonia, Argentina", realiza este traballo (para o goberno provincial), en pequenas e afastadas Comunas rurais en plena Meseta Central, entre os indíxenas da

etnia “Mapu-Ché/Tehuel-Ché”. Nunca esquece o seu Morgadáns natal e o Val Miñor, mantendo relación permanente co mesmo.

**MARTÍNEZ DURÁN, IAGO**  
(Vigo, 1979)

Licenciado en Ciencias da Información na Universidade de Santiago (USC) e doutorando en Filoloxía Galega, traballou como xornalista en *O Miñor*, *Atlántico Diario*, *20 Minutos Vigo*, *TEMPOS Novos* e no suplemento de libros *ProTexta*, do que foi editor e coordinador durante ano e medio, amais de colaborar na edición galega de *El País*. Actualmente forma parte do equipo de coordinación das áreas de Sociedade e Cultura no *Xornal de Galicia*.

Coguionista e codirector de *Contra a morte*, longametraxe documental sobre o poeta Lois Pereiro. Exerce a crítica musical en Mondo-sonoro e Popchild, entre outras publicacións e portais. Membro do grupo Cidadanía e Comunicación (Cidacom) da USC, mantén principalmente dúas liñas de investigación: unha centrada no tratamento da violencia de xénero nos medios e outra nas relacións entre a prensa escrita e o campo literario galego. Especializado na obra xornalística de Carlos Casares, que está a compilar para a editorial Galaxia, ten publicado varios traballos sobre a materia.

**MASEDA MASEDA, FRANCISCO FIDEL**

Licenciado en Humanidades pola USC. Bolseiro de colaboración no curso 2004-2005, do MEC no departamento de Lóxica e Filosofía Moral. Gañador no 2005 do premio extraordinario da Comunidade Autónoma de Galicia pola titulación de licenciado en Humanidades. No 2006 C.A.P. na área de Xeografía e Historia. Bolseiro de Terceiro Cielo. Secretario do Simposio Internacional: “A Fundación da soberanía democrática na filosofía política moderna” (en homenaxe ao cidadán holandés de orixe portuguesa, Baruch de Spinoza) celebrado en Lugo na Facultade de Humanidades en outubro de 2006.

Actual doutorando en Humanidades pola USC (preparando a tese: *Os estudos Humanísticos en Lois Tobío*) e bolseiro do programa de investigación María Barbeito Participante no IV Curso de Primavera: América, Américas, celebrado na Facultade de Humanidades do Campus de Lugo (marzo do 2008), co relatorio: “As Américas de Lois Tobío: retrato dun galego universal no exilio”.

**MAURE RIVAS, XULIÁN**  
(Vigo, 1941)

Licenciado en Teoloxía e en Filoloxía Románica. Doutor en Filosofía e Letras. Foi profesor de Lingua e Literatura castelás e no IES “Val Miñor” de Nigrán do que foi director durante moitos anos. Presidiu a Asociación de Tradutores Galegos (ATG), onde dirixe a Biblioteca Virtual [www.bivir.com](http://www.bivir.com), promovida por el no ano 2000. Foi fundador, primeiro presidente e director xeral de Edicións Xerais de Galicia (1978-1983); primeiro Subdirector Xeral do Libro, Bibliotecas e Patrimonio documental da Xunta de Galicia (1983-1984). Membro da xunta de fundadores de xornal *Diario de Galicia*, membro do Consello Aesor de IGADI, do Consello de Redacción de *Viceversa. Revista Galega de Traducción*, da Xunta Directiva de *Tempos Novos* e da Fundación Plácido Castro.

Publicou diversos estudos, en revistas especializadas, sobre o mundo editorial galego e sobre os problemas da lingua escrita; entre outros *Galicia sen libros. Informe sobre o libro galego* (1987), e a súa tese doutoral *Para unha escritoloxía da lingua galega*.

Os documentos editados neste número, así como os recollidos na REM nº 3, 2003 baixo o título “A perda do galego instrumental: dous documentos notariais de Baiona (1518-1522)”, forman parte dun proxecto seu de publicar o patrimonio documental da colexiata de Baiona que se garda no Arquivo da Catedral de Tui.

Reside dende hai máis de dúas décadas en Nigrán. É membro da Xunta de Goberno do Instituto de Estudos Miñoranos.

**MÉIXOME QUINTEIRO, CARLOS**

(Val, Lalín, 1954).

Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación pola USC. Profesor de Xeografía e Historia no IES Escolas Proval de Nigrán.

Durante algún tempo, en relación co IGADI, dedicouse ao estudo de cuestións internacionais e publicou, en colaboración, *O conflito dos Balcáns: a ex-Iugoslavia* (1994), *Rusia das orixes á crise dun modelo* (1996) e *Cuba, independencia e revolución* (1998) así como artigos en diversos medios.

Ten traballado aspectos da Historia Contemporánea de Galicia e publicado *Textos e Documentos para a Historia Contemporánea de Galicia* (1999) e *Castelao. Unha historia do nacionalismo galego* (2000). Na actualidade investiga sobre a represión franquista no período da guerra.

Ten publicado artigos en medios como *A Nosa Terra*, *Tempos Novos*, *Murguía*, *Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia* sendo colaborador habitual da *Pencira*.

Dende a súa fundación é Director do Instituto de Estudos Miñoranos.

**MÉNDEZ QUINTAS, EDUARDO**

(Nigrán, 1982)

Realizou estudos de Historia na USC e na UNED, na especialidade de Prehistoria e Arqueoloxía. Membro do Clube Espeleolóxico Maúxo (CEM) e do Instituto de Estudos Miñoranos (IEM), do que é na actualidade o director da sección de Xeografía, Historia, Arqueoloxía e Etnografía. Colabora tamén con outras institucións científicas caso do Instituto Universitario de Xeoloxía "Isidro Parga Pondal" da UDC. Centrado no estudo da Prehistoria do país, desenvolve diferentes investigacións sobre o poboamento paleolítico, a través do estudo tecnolóxico e xeoarqueolóxico dos xacementos asociados a bacía do río Miño, (Gándaras de Budiño, O Porriño; Portomaioir, As Neves).

O resultado destas investigacións, déronse a coñecer en diversos foros e congresos así como en diversas publicacións como *Complutum*, *Zephyrus*, *Gallaecia*, *Zona Arqueológica*, *Scientific Annals of School of Geology*, *Cader-*

*nos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe*, *Férvedes*,...

Participou na escavación de diferentes xacementos do Paleolítico como Cuesta de la Bajada (Teruel), Atapuerca (Burgos), Pinilla del Valle (Madrid), Puente Pino (Toledo),... así como nas diversas experiencias arqueolóxicas desenvolvidas polo IEM: prospección-escavación da Chan do Cereixo (Donas, Gondomar), musealización do conxunto de gravados rupestres de Outeiro dos Lameiros (Santa Cristina da Ramallosa, Baiona), ou a exhumación das fosas da Guerra Civil de San Xíán (O Rosal) e en Baiona.

**RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, ROBERTO**

(Pedornes, Oia, 1977).

Licenciado en Historia, na rama de Arqueoloxía e Prehistoria pola Universidade de Santiago de Compostela. Realizou os cursos de doutorado obtendo o Certificado -Diploma de Estudos Avanzados, que acredita a Suficiencia Investigadora nas áreas de coñecemento de Arqueoloxía e Prehistoria pola U.S.C. Realizou o traballo de investigación tutelado de doutorado titulado "Estudo dos Gravados Ruprestres de Época Histórica no concello de Oia" (inédito).

Participou en diversas escavacións arqueolóxicas: como alumno en practicas no campamento militar romano de "Aquis Querquennis" (Bande, 2000); como bolseiro de investigación nas escavacións de dous xacementos funerarios megalíticos (túmulos) en Ortigueira (2001) e Lalín (2002) e un asentamento con estruturas de combustión Calcolítico-Bronce Inicial (Lalín, 2002); como arqueólogo técnico contratado nas escavacións de dous túmulos en Rodeiro (2003) e Cerceda (2003).

Tamén ten realizado traballos de campo etnográfico sobre Etnoveterinaria e Etnobotánica e Folclore popular relacionado cos petroglifos no concello de Oia para o Departamento de Historia I da U.S.C. É membro da Asociación Cultural de Amigos do Mosteiro de Oia (ACAMO), da Asociación Galega de Historiadores (AGH) e do Instituto de Estudos Miñoranos (IEM), na súa sección de Arqueoloxía e Prehistoria.

**RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ-BROULLÓN, RAFAEL**

(Cangas do Morrazo, Pontevedra, 1957)

Deseñador gráfico e creativo publicitario. Xefe de Estudo e Director Creativo en diferentes empresas de marketing e publicidade. Na actualidade exerce a súa profesión no departamento creativo dunha coñecida empresa de comunicación viguesa.

Membro de varias asociacións profesionais. Colabora habitualmente con institucións e publicacións de carácter cultural.

Heraldistas e xenealoxista de vocación. Autor de varios libros e artigos relacionados con estas ciencias.

Ten publicado: *Las hidalguías del Morrazo a través de sus piedras de armas*, 2000; *Heráldica y linajes vigueses. Labras heráldicas depositadas en el Museo Quiñones de León de Vigo*, 2005; *El linaje de los Arines en Vigo y el Val Miñor. Genealogía y heráldica familiar*, 2005; “Los Rivera y los Núñez Falcón. Dos linajes vigueses en la ascendencia de los marqueses de Méndez Núñez” en Revista de Estudios Provinciales Nº 17, 2002; “Los Tavares. Nuevas aportaciones en torno al origen, armas y descendencia de un linaje portugués en Galicia” en Pontenova. Revista de Novos Investigadores, 2003; “El pazo vigués de A Raposeira. Periplo genealógico a través de sus 400 años de historia” en Boletín del Instituto de Estudios Vigueses. Nº 10, 2004; “Los linajes de Bugarín y Gabiño en el señorío de la torre de Telleiro” en Boletín de la Asociación de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia. Nº 4, 2004; “El pazo de Cada-val-Urzáiz. Crónica y relatorio de un señorío secular” en Revista de Estudios Provinciales. Nº 21; “De Heráldica y Genealogía. Pruebas de nobleza depositadas en la Fundación Penzol de Vigo”, Fabiola de Publicaciones Hispalenses, 2008; “La colección heráldica depositada en el Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”. Apuntes y consideraciones de su catalogación” en Castrelos. Revista do Museo Municipal de Vigo, 2007; “Un miembro de la nobleza castellana al frente de la iglesia de Cangas. El canónigo don Andrés Ortega de Cerezo” Can-gas, 2009.

**SOLIÑO TRONCOSO, ALFONSO**

(Fontán, Mañufe - Gondomar, 1960)

Arquitecto Técnico pola E.U.A.T. da Coruña. É Arquitecto Técnico do concello de Gondomar.

Simultánea esta actividade, con traballos en pintura, escultura e deseño gráfico. De inclinación natural cara ao debuxo, comezou con experimentacións en acuarela e óleo. O primeiro contacto coa escultura foi a finais da década dos setenta. Inicialmente en pedra de gran; mais tarde noutros materiais: barro, bronce, madeira... Foi finalista dos Premios de Artes Plásticas *Ciudad de Palencia* (2005) na categoría de escultura ( Premio Victorio Macho ).

E autor da peza conmemorativa do *Certame de Relato e Poesía Don Diego Sarmiento de Acuña – Conde de Gondomar*. Tamén de diversas obras escultóricas coa que o Instituto de Estudos Miñoranos agasalla aos relatores e relatoras das súas *Tertulias* .

Nos últimos anos interveu en diversas obras do patrimonio inmoible do concello de Gondomar: cemiterio municipal de Gondomar (1992), restauración da ermida de San Cibrán en Donas (1994), reforma, restauración e reposición do cruceiro “do acordo”, en Mañufe, por rotura do anterior (1995), ambientación urbana para a vila de Gondomar (1997), colocación dun friso escultórico para o panteón CTC-JSI do cemiterio de Mañufe (1997), deseño da Aula de Cultura “Ponte de Rosas”, sede do Instituto de Estudos Miñoranos (2007)

E coautor da publicación *Gondomar. Historia, Arte e Territorio* (1995) e na actualidade colabora para unha nova publicación sobre o Patrimonio Arquitectónico relixioso e costumista no ámbito territorial do concello de Gondomar.

E membro da Xunta de Goberno do Instituto de Estudos Miñoranos.

**SOLIÑO TRONCOSO, ANTONIO**

(A Mourisca - Gondomar, 1958)

Arquitecto pola F.A.A.U.L. de Porto, onde obtivo premio especial como número dous da licenciatura. Titulado en arquitectura técnica pola E.U.A.T. de A Coruña.

Realizou viaxes de estudo por varios países de Europa levando como equipaxe un caderno de notas, sempre de follas brancas sen tabular, e unha leal Pentax K-1000 que mais recentemente mudou por unha Canon EOS 350D.

Membro de número do Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra, da Ordem dos Arquitectos Portugueses e do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Ten gabinete propio en Gondomar e a modo de escolma, no referente a actuacións relacionadas co patrimonio dentro deste municipio no último decenio, poden citarse, como obras executadas, as seguintes: rehabilitación integral das ruínas dunha pequena casa (casa López Corona) de marcado interese etnográfico en Morgadães (1996); substitución e adecuación da cuberta da capela do cemiterio de Morgadães (1997); reconstrucción das ruínas dun antigo eido para convertelas en mesón - restaurante (Adega das Vides) (1998) na vila de Gondomar (obra premiada), hoxe sensiblemente transformada sen intervención do autor; documentación e argumentación sobre a necesidade da declaración de Ben de Interese Cultural (B.I.C.) para o Pazo de Gondomar (1998), conseguido, con categoría de monumento, no ano 1999; reforma e ampliación dunha antiga casa tradicional (casa Valcarce de Ponte), con eirado e alpendre de entrada, para uso a vivenda en Peiteiros (2002); obras para o Cemiterio de Vincios incluíndo o tratamento e urbanización do espazo común, a reforma integral e mobiliario da capela e a dotación dun novo osario (2003) rehabilitación e posta en funcionamento dos muiños hidráulicos da Serra en Peiteiros (2003); restauración da Ponte Alta da Paradela e o seu peto de Animas na vila de Gondomar, mobiliario urbano do espazo contextual (2004).

E coautor de *Gondomar. Historia, Arte e Territorio* (1995) e actualmente está rematando, en colaboración, un traballo - inventario sobre o Patrimonio arquitectónico de carácter relixioso e costumista do Concello de Gondomar.

### SOS A SERRA DA GROBA

Asociación para a defensa do patrimonio natural e cultural que nace en agosto do ano 2007 co gallo da exposición pública do proxecto de construción do Parque Eólico Albariño I na Serra da Groba.

Dende a data da súa constitución, a asociación SOS A Serra da Groba, ten realizado actividades de divulgación e promoción do Patrimonio material e inmaterial, natural, etnográfico e arqueolóxico, por diversas parroquias e lugares do Val Miñor, Oia, Tomiño, o Rosal, a Guarda, Pontearreas e Vigo. En misións pedagóxicas e formativas leva a coñecer en visitas guiadas a escolares dos centros educativos, e maiores, as riquezas e tesouros da Groba. Os seus membros teñen participado en foros de debate e congresos sobre a valorización do monte, a enerxía eólica e a súa implantación nos nosos montes e a necesidade de preservar e cooidar o noso patrimonio, xa sexa natural, xa cultural. O cabalo ceibe da Groba e os curros, os foxos de lobo, a paisaxe, os petroglifos e mámoas, os camiños lousados, a rede hídrica, as plantas e as árbores, a toponimia e a tradición oral e os costumes, están en perigo na Serra da Groba.

### VALVERDE ALONSO, ANTONIO

(Vigo, 1934)

Licenciado en Dereito pola USC. A súa familia estivo sempre vinculada ao Val Miñor e tiña casa na Ramallosa onde pasaba os veráns.

Traballou sempre nos negocios familiares e estudou Dereito por libre sendo un dos impulsores da creación dunha Academia de Dereito con recoñecemento universitario, sendo responsable da revista impresa promovida por esta asociación. Foi tamén un dos impulsores do primeiro cine club de Vigo que, posteriormente, baixo a dirección de don Alfonso Alonso Amat pasou a denominarse "Cine Club de Vigo".

En 1972 trasládase a Madrid para traballar na empresa familiar de elaboración de vidro. Despois faino nunha fábrica de produtos plásticos e dende ela impulsa a Asociación de Transformadores de Plástico de Madrid da que foi Secretario Xeral. Baixo a súa dirección a Asociación estenderase ás dúas comunidades de



Castela. En 1983 fúndase a Federación Nacional de Transformadores de Plástico e simultánea o cargo de Secretario Xeral co de director da revista *Fetraplast* ata a súa xubilación.

Ten a gala coñecer Galicia como a palma da man e nunca deixou de pasar no noso país o verán e as datas máis sinaladas.

Na actualidade vive dacabalo entre Madrid e Santa Cristina da Ramallosa. Ven de recibir o VI Premio de xornalismo Nano Cambeiro pola súa serie de relatos *Cruceiro de San Campio* publicados polo Instituto de Estudos Miñoranos

#### VALVERDE OTERO, ALBERTO

(Baíña, Baiona).

Licenciado en Filoloxía Galega pola USC. Profesor de ensino secundario. No nº3, 2003 da REM ten publicado, en colaboración, "A aldea medieval de San Cosme"

#### VEIGA CASÁS, JOSÉ MANUEL

(Carballo, A Coruña, 1946)

Primeiro residiu no Ferrol, despois en Santander, San Sebastián, Bilbao, Madrid. Regresou a Galicia e estableceuse, en 1984, no Val Miñor. Oficial da Mariña Mercante pola Escuela Oficial de Telecomunicaciones de Madrid. Tres cursos de CC. EE. na U. de Sarriko, Bilbao. Master en RR. HH. pola Escuela de Negocios de Caixanova. Traballou en Telefónica, empresa da que foi Xefe de Recursos Humanos de Pontevedra-Ourense. Foi membro da secretaria Permanente del Proyecto de Reingeniería acometido, no seu momento, pola Telefónica. Profesor

colaborador na Escuela de Negocios e en Radio ECCA.

Columnista de *La Voz de Galicia*, edición Vigo, desde 1997. Membro do Comité Editorial da revista para Directivos "Índice" e do equipo de Redacción da revista "Levando Anclas". Escritor inédito de ficción.

#### VILAR PEDREIRA, XOSÉ LOIS

(Baiona, 1965)

Licenciado en Historia pola USC aínda que se dedica á venda de froita en tendas e feiras.

Como arqueólogo escavou castrexo en Portugal, neolítico nas Campurras (Santa Baia, Gondomar), represaliados da represión franquista en San Xián (O Rosal) e Baiona. Con Eduardo Méndez musealizou o conxunto de petróglifos no Outeiro dos Lameiros e O Grichouso.

Con Roberto Rodríguez recolleu os nomes do mar desde Salcidos (A Guarda) ata Priegue (Nigrán) que serviu de base á súa obra: *Talasonimia da costa sur de Galicia* (2008).

Cunha visión eminentemente divulgadora considera que a información recollida sobre petróglifos, talasónimos, ... non é para gardar nas gabetas polo que ten participado en numerosas exposicións, charlas, visitas guiadas, diúrnas e nocturnas, e asistido a congresos. Neste labor de difusión ten publicado tamén *Os nomes do mar de Baiona e Panxón* (2008, con ilustracións de Pepe Carreiro) dirixido á xente miúda.

É subdirector do Instituto de Estudos Miñoranos (IEM) e membro da Asociación Galega de Onomástica e da Asociación SOS GROBA.





